Rúa Concepción Arenal

Chantada, Lugo

Laura Rey Eiriz 2ºA

Concepción Arenal

Concepción Arenal naceu en Ferrol no ano 1820 e, tras quedar orfa de pai aos 9 anos trasladouse a vivir á casa da súa avoa paterna en Cantabria, onde recibiu moita formación relixiosa. Máis tarde trasladouse a Madrid onde estudou nun colexio para “señoritas”.

Sempre quixera ser avogada e así, con 21 anos ingresou (baixo identidade falsa e vestida con roupas de home) na Facultade de Dereito da Universidade Central de Madrid. A súa verdadeira identidade acabou descubríndose e, aínda así, despois de pasar un exame, foi autorizada para asistir ás clases como ouvinte.

Vestida tamén de home participou en tertulias políticas e literarias, colaborou co xornal *La Iberia.*

Casou co avogado e escritor Fernando García Carrasco e, tras 9 anos, quedou viúva.

Máis tarde, trasladouse a Potes (Cantabria), onde fundou o grupo feminino das Conferencias San Vicente de Paúl para axuda dos pobres.

Concepción Arenal

Converteuse na primeira muller que recibiu o título de *Visitadora de Cárceres de Mulleres*. Alternou a súa obra política coa literaria, en especial na poesía.

- En 1868 foi nomeada Inspectora de *Casas de Corrección de Mulleres* e tres anos despois comezou a colaborar coa revista *La Voz de la Caridad.*

En 1872 fundou unha Constructora Benéfica, unha sociedade que se dedica á construcción de casas baratas para obreiros. Posteriormete tamén colaborou organizando en España a *Cruz Roja del Socorro.*

O lema que a acompañou toda a súa vida foi:

"Á virtude, a unha vida, á ciencia" e a súa frase máis célebre foi: " Odia ao delito e compadece ao delincuente".

Morreu en 1893 con 73 anos e conta con numerosos monumentos en distintas cidades galegas como A Coruña e Ferrol.

Localización da rúa Concepción Arenal

Na localidade de Chantada hai unha rúa co nome de Concepción Arenal situada ao noroeste da vila.

Podes localizala con máis precisión nesta imaxe: